



## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR E DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA NO ÁMBITO DA COORDINACIÓN DE MEDIDAS PARA DISPOR DA LISTAXE DE COLABORACIÓN PARA A CONTRATACIÓN, POR PARTE DOS CONCELLOS, DE AUXILIARES D POLICÍA LOCAL

No marco do disposto na Lei 4/2007, de coordinación de policía locais e normativa de desenvolvemento, así como no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación cos Concellos na selección dos membros dos corpos de policía local e auxiliares, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e da Academia Galega de Seguridade Pública, sen prexuízo do disposto no Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise, así como a Orde INT/226/2020, de 15 de marzo, pola que se establecen criterios de actuación para as Forzas e Corpos de Seguridade en relación co citado Real decreto, dita a seguinte Instrución con fundamento no deber xenérico de colaboración e cooperación entre Administracións públicas, reforzado ante a situación extraordinaria existente en relación a pandemia do coronavirus COVID19:

**Primeiro:** Ponse a disposición de todos os concellos galegos a listaxe de colaboración para a contratación de persoal auxiliar de policía local, prevista de acordo co Decreto 115/2007, para a súa utilización durante a vixencia do estado de alarma, cando, por circunstancias sobrevidas e de acordo coa normativa de aplicación, sexa necesaria a dita cobertura de persoal auxiliar.

Ábrese un prazo de cinco días hábiles a partir da publicación desta resolución no que se atenderán as solicitudes dos concellos que teñan en vigor *teñan en vigor* o correspondente convenio para a selección desta clase de persoal segundo o establecido no decreto 115/2017. PARA TAL FIN, COMUNICARÁSELLES EXPRESAMENTE A TODOS OS DEVANDITOS CONCELLOS ESE PRAZO.

Ao remate deste prazo, atenderanse as solicitudes de todos os concellos QUE ASÍ O REQUIRAN

**Segundo:** Habilitaranse, de ser necesario, para incluírse na listaxe como persoal auxiliar de policía local, a todos/as aqueles/as persoas que superando o proceso selectivo de acceso a escala básica, categoría de policía local, non obtiveron praza en dito proceso convocado a través da Orde do 31 de maio de 2019.

**Terceiro:** Para que os Concellos poidan facer uso desa listaxe coa máxima axilidade, a solicitude/petición por parte do Concello dirixirase directamente á AGASP, a través do rexistro electrónico da Agasp ou ben a través do correo electrónico: [formacion.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.agasp@xunta.gal), indicando na solicitude que se cumpren os requisitos





esixidos para a contratación do auxiliar, determinando o número de prazas e o periodo de contratación.

A devandita solicitude á AGASP servirá como comunicación á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior establecida de xeito preceptivo no artigo 95.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

**Cuarta:** Se a correspondente petición excede o límite de contratación do Concello a que se refire o artigo 95.1 da Lei 4/2007, por superarse o período de catro meses e/ou a metade do seu cadro de persoal, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunicaralle expresamente ao Concello, coa maior brevidade posible, a autorización da contratación pretendida, sempre que proceda conforme ao artigo 95.7.

**Quinta:** Os concellos que fagan as devanditas contratacións durante a vixencia do Real decreto 463/2020 darán conta, no seu caso, das devanditas contratacións ao Centro de Coordinación da Delegación do Goberno/Subdelegación do Goberno, a que fai referencia a Orde INT/226/2020, de 15 de marzo.

**Sexta:** A presente resolución comunicarase a todos os concellos de Galicia con policía local e publicarase na páxina web da Agasp, [www.agasp.xunta.gal](http://www.agasp.xunta.gal), así como nas súas redes sociais.

**Sétima:** A vixencia desta resolución rematará coa finalización do estado de alarma.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2020

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez

